

RESOLUCIÓN DE CONSULTA Á COMISIÓN ELECTORAL

Por parte do inscrito Javier Tesouro recíbese na Comisión Electoral solicitude de acceso ao censo completo de asinantes do Manifesto de Ames Novo ou, alternativamente, consultar á Comisión electoral se persoas concretas figuran ou non no mesmo.

Reunida a comisión fai as seguintes

CONSIDERACIÓNS:

1.- Javier Tesouro basea a súa petición na condición de “candidato” nas eleccións primarias. Sen embargo, non concorre esa circunstancia, dado que a condición de candidato se adquire mediante a presentación ante a Comisión Electoral da candidatura cos avais fixados, tal e como establece o Regulamento de Eleccións Primarias de Ames Novo no seu artigo 14.

2.- O listado censual ao que pretende acceder componse de un número de persoas (todas as que subscribiron o manifesto dentro no prazo fixado polo calendario electoral), **algunhas das cales manifestaron explicitamente que non queren que a súa sinatura se faga pública**. A revelación dese dato a terceiros conculcaria a vontade expresada por cada unha delas no momento da súa adhesión.

3.- A **lei orgánica de Protección de Datos** no seu **artigo 6** establece: “1. El tratamiento de los datos de carácter personal requerirá el consentimiento inequívoco del afectado, salvo que la ley disponga otra cosa.” Fai a salvedade no punto 2 do mesmo artigo de que “No será preciso el consentimiento (...) cuando los datos figuren en fuentes accesibles al público y su tratamiento sea necesario para la satisfacción del interés legítimo perseguido por el responsable del fichero o por el del tercero a quien se comuniquen los datos .”

4.- Por outra parte o artigo 7 da LOPD establece que: “2. **Sólo con el consentimiento expreso y por escrito del afectado podrán ser objeto de tratamiento los datos de carácter personal que revelen la ideología, afiliación sindical, religión y creencias. Se exceptúan los ficheros mantenidos por los partidos políticos, sindicatos, iglesias, confesiones o comunidades religiosas y asociaciones, fundaciones y otras entidades sin ánimo de lucro, cuya finalidad sea política, filosófica, religiosa o sindical, en cuanto a los datos relativos a sus asociados o miembros, sin perjuicio de que la cesión de dichos datos precisará siempre el previo consentimiento del afectado.**

5.- **Os datos solicitados**, en canto que Ames Novo é unha asociación política (exerce actividade política e preséntase ás eleccións municipais) forman, por tanto parte dos **que a LOPD regula no seu artigo 7 como “especialmente protegidos,”** agravando a necesidade de consentimento expreso para que sexan utilizados ou revelados a terceiros, agás nos casos nos que se deu un expreso consentimento para seren publicados. Todos os que así o fixeron figuran enumerados nunha lista pública, publicada en prazadeames.org, tal e como se comunicou na convocatoria de Eleccións Primarias. Por outra parte, **o impacto dos membros non públicos do censo é ínfimo**, dado que non chegan ao 10% do total de inscritas e, xa que logo, posibles prestadores de avais válidos.

6.- De acordo co establecido no artigo 14 do Regulamento de Eleccións Primarias de Ames Novo pode ser avalista calquera persoa que sexa asinante do manifesto (membros do censo) independente de que a súa sinatura sexa pública ou non. Sen embargo, de acordo co establecido legalmente, no caso das persoas que non autorizaron expresamente que a súa sinatura e, por tanto, condición de membro do censo sexa publicada, só as propias persoas interesadas poden libremente revelar tal circunstancia a quen consideren. Non está en xeito algún a Comisión Electoral ou calquera dos seus membros facultado para revelar ese dato que a propia lei cataloga como de especial protección,

Por todo iso a Comisión Electoral

RESOLVE:

1.- **Rexeitar a petición** formulada por Javier Tesouro **por ser contraria ao deber de confidencialidade** imposto polas propias persoas asinantes nos casos en que non autorizaron expresamente a revelación da súa adhesión, **sendo ademais á vista do disposto na LOPD contrario á legalidade**.

2.- Lembrar que **a prestación dun aval é un acto de confianza** entre o avalista, que é quen (de non ser pública a súa condición de membro do censo) debe manifestar a quen lle require o aval se está ou non habilitado para prestalo, e este último que é quen require de aquel que o avale como candidata/o idóneo/a.

3.- Manifestar que **no caso de que algún/s dos avais presentados por calquera persoa que pretenda candidatarse non fose/n válido/s**, ben porque quen presta dito aval non figura inscrita no censo ou ben porque teña excedido o número máximo de avais fixado no Regulamento, **dita circunstancia seríalle comunicada á persoa que se candidata para que poida modificalo**, ofrecéndose os propios membros do Comité Electoral a prestar os seus (de telos dispoñíbeis) de forma automática para subsanar o defecto. **Mesmo en aqueles casos nos que a documentación se presente no límite do prazo, habilitaríase o prazo de alegacións para subsanalo**. Non se produce, por tanto, con esta resolución, a xuízo do Comité Electoral, prexuízo algún para quen queira presentar a súa candidatura.